

LOREO

tendas ecolóxicas

Pón o seu dispor os seguintes productos:

Papel reciclado fotocopiadora/láser
Papel reciclado escritura
Libretas papel reciclado
Papel diseño fotocopiadora/láser
Papel continuo para ordenador
Sobres e bolsas
Cartulinas
Transparencias fotocopiadora
Película Blanca
Marcos Protectores
Etiquetas ordenador

OUTROS PRODUCTOS

Material de oficina
Papel personalizado
Bolígrafos
Lápices, pinturas
Xoguetes
Ceras vírxenes
Velas
Etc.

NOVA TENDA

VIGO

r/ Pintor Laxeiro, 8

LUGO

r/ Xeneral Tella, 6 baixo
☎ (982) 25 01 98
Fax 25 03 29

SANTIAGO

r/ Laverde Ruíz, 2 baixo
☎ (981) 56 54 87
Fax 58 31 88



editorial

O plan de residuos sólidos urbanos da Xunta contempla a incineración de mais do 90% do lixo, fronte a media actual da CE, que está entorno ao 25%. A elo ven a sumar-se o proxecto de incineración de Residuos Tóxicos e Perigosos para Teixeira. Na Galiza, a administración organiza concursos para a axudicación das obras da incineradora de Meirama, ou esmera-se en presentar diante da poboación a incineración de residuos tóxicos como unha actividade inocua para o medio ambiente e motor dun futuro despegue económico. Mentres tanto, na maioría dos países industrializados existe unha moratoria indefinida para a instalación de incineradoras.

Detrás desta moratoria acha-se unha longa loita encamiñada en sacar á luz os graves efectos para o medio ambiente e a saúde que as incineradoras instaladas causaron e están a causar. Metais pesados, sustâncias organocloradas (dioxinas, furanos, PCBs) e outros tóxicos bioacumulativos e persistentes difúnden-se na atmósfera e na biosfera, de onde será imposible poder separá-los. Ao mesmo tempo destrúen-se valiosos recursos, ao que engadiremos a duvidosa eficacia de recuperación enerxética do plan da Xunta.

A nivel científico, tanto a avaliación da toxicidade e efectos ambientais destas emisións como a eficacia das medidas antipolución e as modificacións técnicas aos procesos de incineración son obxecto de controversia e constante revisión. A EPA (Axencia de Protección Ambiental americana) viu-se na obriga de revisar recentemente o seu diagnóstico sobre a dioxina, ao achar que os seus efectos teratóxenos manifestan-se en concentracións moi inferiores a aquelas que xeneran cancer. Para as dioxinas, non se ten encontrado un nivel de seguridade.

As multinacionais da tecnoloxía incineradora propoñen mil e unha modificacións nos procesos que, din, garantizan a súa inocuidade. Pero tais afirmacións non suportan unha análise científica rigorosa. O que si resulta cada vez mais certo é que aquelas incineradoras que contén coa última tecnoloxía e os mais sofisticados mecanismos de control da contaminación, supoñen a alternativa mais cara de desfacer-se do lixo. A necesidade de que a moratoria comprenda a todo o planeta, e tamén a Galiza, é ben patente.